

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, AS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL (GNP, AECT) PARA A CONSTITUCIÓN DO NODO Galicia, COMO UNHA ESTRUTURA DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES QUE PERMITAN O IMPULSO DAS TECNOLOXÍAS QUE HABILITAN A INTELIXENCIA ARTIFICIAL NA EURORREXIÓN GALICIA- NORTE DE PORTUGAL

En Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, D. Francisco José Conde López, Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Economía, Industria e Innovación, nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, D. Miguel Corgos López-Prado, Conselleiro de Facenda e Administración Pública, nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, D. Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, D. Julio García Comesaña, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, D^a. Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante, Amtega), en virtude do Decreto 91/2012, de 16 de marzo, e de conformidade coas atribucións establecidas no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC), de conformidade coas atribucións previstas no artigo 83 dos estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, e no artigo 20, da Lei orgánica 06/2001, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril.

Doutra parte, D. Julio E. Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña (en diante UDC), segundo se establece no Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro, e de conformidade coas atribucións previstas no artigo 35 dos estatutos da UDC, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, e de conformidade coas atribucións do artigo 20, da Lei Orgánica 6/2001, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril.

Doutra parte, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor da Universidade de Vigo (en diante UVigo), segundo se establece no Decreto 59/2018, do 31 de maio, e de conformidade coas atribucións previstas no artigo 57 dos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e no artigo 20, da Lei orgánica 06/2001, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril.

E doutra parte, D. Nuno Augusto de Castro Azevedo Soares de Almeida, director da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte De Portugal (GNP, AECT), que asumiu a dirección o 1 de agosto de 2021, segundo se establece nos estatutos da «Agrupación Europea de Cooperación Territorial Europea Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT)» que foron subscritos con data 22 de setembro de 2008, en Santiago de Compostela, polo Presidente da Xunta de Galicia e o Presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, e de conformidade co disposto no artigo 5.1 do Regulamento (CE) número 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación europea de cooperación territorial (AECT) e o artigo 9 do Real Decreto 37/2008, do 18 de xaneiro, polo que se adoptan as medidas necesarias para a aplicación efectiva do Regulamento (CE) n.º 1082/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT).

Cada unha das partes, recoñécense recíprocamente capacidade legal suficiente para obrigarse mediante o presente Convenio, e en nome e representación das respectivas entidades subscriben o presente documento, e para ese efecto,

EXPOÑEN

1º.- Que as tecnoloxías intelixentes son un conxunto de tecnoloxías de rápida evolución que poden xerar un amplo abanico de beneficios económicos e sociais en todos os sectores e actividades sociais, mediante a mellora da predición, a optimización de operacións e da asignación de recursos e a personalización da prestación de servizos. Dentro destas, a Intelixencia Artificial pode facilitar a consecución de resultados positivos desde un punto de vista social e ambiental, así como proporcionar vantaxes competitivas esenciais ás empresas e á economía, especialmente en sectores de alto impacto como o cambio climático, o medio ambiente e a saúde, o sector público, as finanzas, a mobilidade e a agricultura.

2º.- Que a Comisión Europea traballa desde o ano 2018 na definición de estratexias e regulamentos que permitan avanzar no ámbito do desenvolvemento das tecnoloxías intelixentes e insta, á Administración Pública, a xogar un rol protagonista na promoción e control da implementación destas tecnoloxías -especialmente a Intelixencia Artificial-.

Así, ao longo dos últimos tres anos, a Unión Europea adoptou unha formulación coordinada co obxectivo de aproveitar ao máximo as oportunidades que brindan as tecnoloxías intelixentes, fixándose un obxectivo claro para liderar a carreira polo desenvolvemento dunha Intelixencia Artificial ética e de confianza: incrementar o investimento en máis de 20.000 millóns EUR anuais durante a próxima década a través do MFP 2021-2027¹.

Pero non só. A pandemia de COVID-19 provocou que a Comisión Europea reforzase e organizase a súa aposta pola intelixencia artificial, outorgando un lugar privilexiado como unha das súas prioridades 2019-2024 "Unha Europa adaptada á era dixital", así como na

¹ Libro Branco sobre a intelixencia artificial: un enfoque europeo orientado á excelencia e a confianza-

recentemente aprobada folla de ruta "O Compás Dixital de Europa", presentada pola Comisión Europea o 9 de marzo de 2021.

Do mesmo xeito, os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos prevén o reforzo da aposta pola intelixencia artificial para o período 2021-2027.

3º.- Que, en consonancia con estes orzamentos, o Goberno de España presenta a Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial no ano 2021 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia mediante o cal se canalizarán as axudas directas do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Neste contexto, a Xunta de Galicia aprobou, no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030, a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 que permitirá a Galicia avanzar cara a unha rexión intelixente que permita dar resposta e afrontar os desafíos inminentes da rexión: o cambio demográfico e a transición ecolóxica, recollidos na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible. A Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 estará orientada a aproveitar o potencial das tecnoloxías intelixentes en Galicia, permitindo avanzar cara a unha Galicia Intelixente, de forma coordinada e sumando os esforzos dos sectores público e privado en base ao desenvolvemento e despregamento dunha Intelixencia Artificial de vangarda, ética e segura, pola vía da promoción dun enfoque centrado no ser humano.

4º.- Que, a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 recoñece que Galicia dispón de actores e coñecemento especializados en tecnoloxías intelixentes pero, tamén reclama a necesidade do fortalecemento do seu ecosistema mediante a integración dunha ampla gama de medidas en diferentes niveis. Para isto, a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 propón catro eixos prioritarios de actuación: "Galicia rexión intelixente", "Talento e competencias en IA ao longo da vida", "Adopción estratéxica da Intelixencia Artificial" e "I + i orientada ás necesidades da economía galega", senda o primeiro paso para ese obxectivo a creación do nodo Galicia

5º.- Que a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia -RIS3 Galicia 2021-2027- é a estratexia global da política de investigación e innovación de Galicia para a transformación do noso modelo económico e a mellora da calidade de vida da cidadanía.

Ademais de ser un requisito para acceder aos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos, a RIS3 é estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia e está aliñada coas grandes prioridades 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política marcada pola sostibilidade e pola dixitalización.

6º.- Que, de conformidade coa disposición transitoria do decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e de acordo ao artigo 1 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, a Consellería de Facenda e Administración Pública é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a que corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda se establecen no Estatuto de autonomía, así como a coordinación en materia de contratación pública e de función pública, e as competencias en materia de avaliación e reforma administrativa, de conformidade coa lexislación vixente

Que, de acordo ao artigo 3 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, queda adscrita a esta consellería a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Que a Amtega é unha axencia pública autonómica adscrita que ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no eido das tecnoloxías da información e a comunicación e a innovación e o

desenvolvemento tecnolóxico. Segundo o artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, a Amtega ostenta, entre outras, as competencias de dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; a elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia.

Neste contexto, correspondeulle á Axencia para a Modernización Tecnolóxica a elaboración e coordinación da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do 10 de xuño de 2020.

7º.- Que, de conformidade coa disposición transitoria do decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e de acordo ao artigo 1 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, o exercicio de funcións en materia de promoción e dinamización da economía, coordinación e apoio ao sector empresarial, investigación, desenvolvemento e innovación, industria, seguridade industrial, metroloxía, metais preciosos, enerxía, minas e recursos minerais, artesanía, comercio interior e exterior, consumo, impulso da actividade económica asociada á industria forestal e planificación das infraestruturas dos servizos empresariais do solo industrial en colaboración coa consellería competente en materia de vivencia e solo.

Que, de acordo ao artigo 1 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, quedan adscritas a esta consellería o ente público Instituto Galego de Promoción Económica e a Axencia Galega de Innovación.

8º.- Que, de conformidade coa disposición transitoria do decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e de acordo ao artigo 1 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, o exercicio das competencias e funcións en materia promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a planificación, regulación e administración do ensino regravado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia; a coordinación do sistema universitario; o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións de interese galego de carácter cultural e educativo.

9º.- Que, de conformidade coa disposición transitoria do decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e de acordo ao artigo 1 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, a Consellería de Sanidade é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución,

o exercicio das competencias e funcións relativas á dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Que, de acordo ao artigo 8 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, queda adscrita a esta consellería a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

10º.- Que, de acordo ao artigo 4 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, a Universidade de Santiago de Compostela ten, entre as súas funcións, a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e social; o apoio científico, técnico, artístico e humanístico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega e, proxectar as funcións e os servizos da Universidade ao entorno social. Ademais, tamén posúe a capacidade de establecer relacións con outras universidades, organizacións e institucións, e moi en particular, coas de carácter académico, científico ou cultural. En consecuencia, a USC conta cun importante bagaxe técnico e científico, así como a nivel de investigación, que a motivan a manifestar o seu interese en participar naquelas actividades colaborativas en relación co desenvolvemento das tecnoloxías intelixentes.

11º.- Que, de acordo ao artigo 1.2 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, a Universidade da Coruña ten, entre as súas funcións a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a difusión, valorización e transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e a difusión do coñecemento e da cultura, mediante a extensión universitaria e a formación, ao longo de toda a vida. Ademais, posúe a capacidade de articular actividades con outras universidades, dentro e fora do sistema universitario galego, e manter relacións con centros de investigación e institucións culturais e sociais. En consecuencia, a UDC conta con un percorrido relevante no relativo á técnica e á ciencia, así como ao nivel de investigación, que a motivan a manifestar o seu interese en participar naquelas actividades colaborativas en relación co desenvolvemento das tecnoloxías intelixentes

12º.- Que, de acordo ao artigo 2 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, a Universidade de Vigo posúe entre os seus fins a misión de contribuír ao progreso e ao benestar da sociedade mediante a produción, a transferencia e a aplicación práctica do coñecemento e a proxección social da súa actividade, con especial atención á realidade de Galicia, a súa cultura e a súa lingua e contribuír a unha sociedade xusta e igualitaria na cal se respecte a igualdade entre mulleres e home. Ademais, conta coa potestade de establecer relacións con outras universidades e institucións coa finalidade de proxectar a súa actividade a nivel nacional ou internacional. Froito disto, a Universidade de Vigo conta con unhas capacidades técnicas, científicas e de investigacións relevantes, que a levan a manifestar o seu interese na participación naquelas actividades colaborativas en relación co desenvolvemento das tecnoloxías intelixentes.

13º.- Que, de acordo coa cláusula 2 da resolución do 23 de outubro de 2008, da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, pola que se publica a inscrición dos estatutos da «Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT)», teñen entre os seus obxectivos facilitar e fomentar a cooperación territorial entre os seus membros, isto é, entre a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR- N) e a Xunta de Galicia, co fin exclusivo de reforzar a cohesión económica e social. A GNP, AECT perfílase como un axente encargado do establecemento de pontes de comunicación, de diálogo, de investimento e de converxencia entre veciños.

Entre as súas atribucións, teñen a valorización e fomento da competitividade do tecido empresarial da Eurorexión a través do coñecemento e da innovación, o aumento da cohesión social e institucional da Eurorexión Galicia -Norte de Portugal.

14º.- Que, ante o crecemento e desenvolvemento das tecnoloxías intelixentes e as oportunidades que estas ofrecen para a sociedade e economía galegas, a Xunta de Galicia, a través das entidades presentes neste convenio, as tres universidades públicas galegas que conforman o Sistema Universitario de Galicia e a AECT Galicia-Norte de Portugal queren poñer en marcha o nodo Galicia para garantir un contorno colaborativo, que afronte os retos e promocióne a innovación, implicando ao conxunto de entidades do sector público galego e do norte de Portugal competentes nesta materia.

A partir de todo o exposto, as partes recoñecen a existencia de intereses comúns e consideran oportuno subscribir este convenio de colaboración, de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é a constitución do nodo Galicia como estrutura de cooperación para o desenvolvemento de actividades que permitan o impulso das tecnoloxías que habilitan a Intelixencia Artificial en Galicia, tales coma a posta en marcha de infraestruturas, servizos, ferramentas e aplicacións que permitan o seu despregamento, a capacitación e formación da cidadanía, empresas e administracións públicas nestas tecnoloxías, e a posta en marcha de calquera outra iniciativa que as partes consideren oportuna para impulsar a economía do dato, garantindo os dereitos básicos dos cidadáns e aliñada cos obxectivos establecidos no presente convenio.

O nodo Galicia perseguirá posicionar á Eurorexión Galicia - Norte de Portugal como un referente no ecosistema internacional da Intelixencia Artificial e un xerador de iniciativas e servizos innovadores desde unha perspectiva ética.

SEGUNDA.- Compromisos das partes

Para o cumprimento dos obxectivos descritos na cláusula anterior, cada unha das partes asinantes comprométese a colaborar conxuntamente no ámbito das súas competencias respectivas, para a realización das actuacións que constitúen o obxecto do convenio.

Compromisos da Xunta de Galicia:

A Xunta de Galicia, directamente ou a través das entidades de dereito público dela dependentes, asume os seguintes compromisos:

- a) Impulsar accións dirixidas á concienciación, capacitación e formación en tecnoloxías intelixentes, tales como eventos, seminarios ou obradoiros, dirixidos á cidadanía,

- empresas e empregados das Administracións Públicas da Comunidade Autónoma Galega.
- b) Velar pola aplicación responsable das tecnoloxías intelixentes definindo un marco ético que garanta a seguridade e privacidade na súa aplicación, respectando a autonomía das persoas.
 - c) Promover a xeración de coñecemento, creación e retención de talento especializado en tecnoloxías intelixentes, e o impulso de iniciativas para a transferencia e intercambio de coñecemento e experiencias ou proxectos.
 - d) Coordinar accións de fomento da l+D+i, e emprendemento promovendo a creación dun ecosistema de start-ups, centros tecnolóxicos e iniciativas universidades ao redor das tecnoloxías intelixentes e fomentar a especialización tecnolóxica do sector TIC.
 - e) Sumar esforzos para a captación e dotación de recursos humanos, económicos e tecnoloxías de vangarda que permitan favorecer impulso das tecnoloxías do dato e a intelixencia artificial e o seu despregamento no tecido produtivo e administracións públicas incluíndo o fomento de iniciativas de colaboración público-privada.
 - f) Colaborar na identificación e definición dos casos de uso de aplicación das tecnoloxías intelixentes no ámbito do sector público e privado de Galicia, e na creación de mecanismos aceleradores para a súa expansión.
 - g) Participar na promoción e difusión das accións a desenvolver dentro do marco do presente convenio.
 - h) Difundir as iniciativas no ámbito das tecnoloxías intelixentes realizadas por cada unha das partes, publicitándoas dentro do marco do nodo Galicia.

Así mesmo, a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, exerce a labor de coordinación da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030, establecendo, así mesmo, os mecanismos de gobernanza e aliñamento coa Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial

Compromisos da Universidade de Santiago de Compostela:

- a) Impulsar accións dirixidas á concienciación, capacitación e formación en tecnoloxías intelixentes, tales como eventos, seminarios ou obradoiros, dirixidos á cidadanía, empresas e empregados das Administracións Públicas da Comunidade Autónoma Galega.
- b) Velar pola aplicación responsable das tecnoloxías intelixentes definindo un marco ético que garanta a seguridade e privacidade na súa aplicación, respectando a autonomía das persoas.
- c) Promover a xeración de coñecemento, creación e retención de talento especializado en tecnoloxías intelixentes, e o impulso de iniciativas para a transferencia e intercambio de coñecemento e experiencias ou proxectos.
- d) Coordinar accións de fomento da l+D+i, e emprendemento promovendo a creación dun ecosistema de start-ups, centros tecnolóxicos e iniciativas universidades ao redor das tecnoloxías intelixentes e fomentar a especialización tecnolóxica do sector TIC.

- e) Sumar esforzos para a captación e dotación de recursos humanos, económicos e tecnoloxías de vangarda que permitan favorecer im pulso das tecnoloxías do dato e a intelixencia artificial e o seu despregamento no tecido produtivo e administracións públicas incluíndo o fomento de iniciativas de colaboración público-privada.
- f) Colaborar na identificación e definición dos casos de uso de aplicación das tecnoloxías intelixentes no ámbito do sector público e privado de Galicia, e na creación de mecanismos aceleradores para a súa expansión.
- g) Participar na promoción e difusión das accións a desenvolver dentro do marco do presente convenio.
- h) Difundir as iniciativas no ámbito das tecnoloxías intelixentes realizadas por cada unha das partes, publicitándoas dentro do marco do nodo galicia.

Compromisos da Universidade da Coruña:

- a) Impulsar accións dirixidas á concienciación, capacitación e formación en tecnoloxías intelixentes, tales como eventos, seminarios ou obradoiros, dirixidos á cidadanía, em presas e empregados das Administracións Públicas da Comunidade Autónoma Galega.
- b) Velar pola aplicación responsable das tecnoloxías intelixentes definindo un marco ético que garanta a seguridade e privacidade na súa aplicación, respectando a autonomía das persoas.
- c) Promover a xeración de coñecemento, creación e retención de talento especializado en tecnoloxías intelixentes, e o impulso de iniciativas para a transferencia e intercambio de coñecemento e experiencias ou proxectos.
- d) Coordinar accións de fomento da l+D+i, e emprendemento promovendo a creación dun ecosistema de start-ups, centros tecnolóxicos e iniciativas universidades ao redor das tecnoloxías intelixentes e fomentar a especialización tecnolóxica do sector TIC.
- e) Sumar esforzos para a captación e dotación de recursos humanos, económicos e tecnoloxías de vang arda que permitan favorecer im pulso das tecnoloxías do dato e a intelixencia artificial e o seu despregamento no tecido produtivo e administracións públicas incluíndo o fomento de iniciativas de colaboración público-privada.
- f) Colaborar na identificación e definición dos casos de uso de aplicación das tecnoloxías intelixentes no ámbito do sector público e privado de Galicia, e na creación de mecanismos aceleradores para a súa expansión.
- g) Participar na promoción e difusión das accións a desenvolver dentro do marco do presente convenio.

- h) Difundir as iniciativas no ámbito das tecnoloxías intelixentes realizadas por cada unha das partes, publicitándoas dentro do marco do nodo Galicia.

Compromisos da Universidade de Vigo:

- a) Impulsar accións dirixidas á concienciación, capacitación e formación en tecnoloxías intelixentes, tales como eventos, seminarios ou obradoiros, dirixidos á cidadanía, empresas e empregados das Administracións Públicas da Comunidade Autónoma Galega.
- b) Velar pola aplicación responsable das tecnoloxías intelixentes definindo un marco ético que garanta a seguridade e privacidade na súa aplicación, respectando a autonomía das persoas.
- c) Promover a xeración de coñecemento, creación e retención de talento especializado en tecnoloxías intelixentes, e o impulso de iniciativas para a transferencia e intercambio de coñecemento e experiencias ou proxectos.
- d) Coordinar accións de fomento da I+D+i, e emprendemento promovendo a creación dun ecosistema de start-ups, centros tecnolóxicos e iniciativas universidades ao redor das tecnoloxías intelixentes e fomentar a especialización tecnolóxica do sector TIC.
- e) Sumar esforzos para a captación e dotación de recursos humanos, económicos e tecnoloxías de vangarda que permitan favorecer impulso das tecnoloxías do dato e a intelixencia artificial e o seu despregamento no tecido produtivo e administracións públicas incluíndo o fomento de iniciativas de colaboración público-privada.
- f) Colaborar na identificación e definición dos casos de uso de aplicación das tecnoloxías intelixentes no ámbito do sector público e privado de Galicia, e na creación de mecanismos aceleradores para a súa expansión.
- g) Participar na promoción e difusión das accións a desenvolver dentro do marco do presente convenio.
- h) Difundir as iniciativas no ámbito das tecnoloxías intelixentes realizadas por cada unha das partes, publicitándoas dentro do marco do nodo Galicia.

Compromisos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal

- a) Colaborar na creación dun ecosistema en torno á Intelixencia Artificial no ámbito da Eurorrexión.
- b) Colaborar no desenvolvemento de actividades de promoción da Intelixencia Artificial competitiva mediante a súa incorporación e adopción no tecido empresarial da Eurorrexión.
- c) Fomentar a cooperación territorial, para mellorar as capacidades de investigación e innovación e a asimilación das tecnoloxías avanzadas impulsando o crecemento e a

competitividade das empresas da Eurorrexión.

TERCEIRA.- Comisión de Seguimento

Ao obxecto de garantir o cumprimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos, crearase unha Comisión de seguimento, coa seguinte composición:

- Por parte da Vicepresidencia primeira e consellería de Economía, Industria e Innovación:

- Unha persoa representante do Instituto Galego de Promoción Económica ou persoa en quen delegue
- Unha persoa representante da Axencia Galega de Innovación ou persoa en quen delegue

- Por parte da Consellería de facenda e Administración Pública:

- A persoa titular da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ou persoa en quen delegue
- A persoa titular da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ou persoa que a substitúa

- Por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:

- A persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue.

- Por parte da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde ou persoa en quen delegue.

- Por parte da Universidade de Santiago de Compostela:

- A persoa titular da Xerencia ou persoa en quen delegue.

- Por parte da Universidade da Coruña:

- A persoa titular da Xerencia ou persoa en quen delegue.

- Por parte da Universidade de Vigo:

- A persoa titular da Xerencia ou persoa en quen delegue.

Por parte da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte De Portugal:

- A persoa titular da Dirección ou persoa en quen delegue.

Exercerá a Presidencia da Comisión de Seguimento a persoa titular da Dirección da Axencia

para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ou persoa en quen delegue.

Exercerá como Secretario da Comisión de Seguimento un funcionario da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia con rango mínimo de xefe/a de servizo.

A Comisión de Seguimento reunirse, en sesión ordinaria, unha vez ao ano e, de forma extraordinaria, cando o soliciten polo menos tres (3) das partes asinantes e axustará o seu funcionamento ao establecido na Lei 40/2015.

Serán funcións da Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Facer seguimento do cumprimento dos compromisos adquiridos palas partes.
- b) Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto do convenio, resolvendo as dúbidas que, de ser o caso, poidan xurdir.
- c) Propor, no seu caso, as addendas ao presente convenio.
- d) Intervir de forma previa á resolución por incumprimento.
- e) Estudar e, no seu caso, admitir ou rexeitar as solicitudes de adhesión de novas membros ao presente convenio.
- f) Calquera outra relacionada co desenvolvemento do convenio.

CUARTA.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa firma e terá unha vixencia de catro (4) anos, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga por un período máximo de catro anos adicionais, previo acordo expreso de todas as partes asinantes.

QUINTA.- Causas de Resolución

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución as previstas na lexislación vixente e, en particular, as seguintes:

- a) Transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a prórroga.
- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) A imposibilidade sobrevinda de realizar as actividades descritas.
- d) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o Convenio.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

SEXTA.- Modificación

O presente convenio poderá ser modificado en calquera momento por unanimidade das partes asinantes.

As actuacións concretas que as partes decidan levar a efecto, previa proposta da Comisión de Seguimento, formalizaranse a través da correspondente addenda na que se recollerán os obxectivos perseguidos, plan de traballo, calendario e a relación de recursos humanos, materiais e económicos que cada unha das partes destinará para a súa execución.

En cumprimento do establecido no artigo 34.1 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación para o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

SÉTIMA.- Adhesión de novas partes

Durante a vixencia do presente Convenio poderanse adherir ao mesmo aquelas persoas físicas, entidades públicas ou entidades privadas respecto das que a Comisión de Seguimento considere conveniente para o bo desenvolvemento das actuacións que constitúen o seu obxecto.

O procedemento de adhesión ao Convenio será o seguinte:

1. Solicitude da persoa física ou xurídica interesada na Adhesión, co formato que figura anexo 1, tomando en consideración que se cumpran as seguintes premisas:

- a) Manifestación da persoa ou entidade solicitante da adhesión do compromiso expreso co desenvolvemento da concienciación e capacitación da cidadanía, empresas e Administracións Públicas de Galicia en materia de tecnoloxías intelixentes, así como de colaboración conxunta cos restantes membros do nodo Galicia para o cumprimento dos obxectivos do presente convenio.
- b) No seu caso, manifestación da persoa ou entidade solicitante da adhesión do compromiso expreso a achegar as capacidades ou os recursos económicos destinados a desenvolver as actuacións que se deriven do desenvolvemento do convenio, sen prexuízo de que a súa achega específica definase na addenda pola que se formalice a adhesión.
- c) No caso de entidades públicas ou privadas, acreditación de que as mesmas contan co acordo/aprobación do órgano competente, segundo a lexislación vixente, para a subscripción da adhesión.

2. Estudio e validación das solicitudes recibidas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula terceira deste convenio. Neste sentido, as persoas ou entidades públicas ou privadas, respecto das que a Comisión de Seguimento considere idónea a súa adhesión, deberán formalizar a mesma a través da firma dunha addenda ao texto do Convenio co formato que oportunamente se determine na que, sen prexuízo das abrigas que ao efecto poida establecer a Comisión de Seguimento, deberá figurar, en todo caso:

- a) Manifestación da persoa ou entidade que se adhira do compromiso expreso de aceptación do conxunto de apartados recollidos na cláusula segunda do presente convenio.

- b) Identificación, no seu caso, das capacidades (persoas, infraestruturas ou outros recursos) e/ou recursos económicos da persoa ou entidade que se adhira destinados a pór en marcha as actuacións que se deriven do desenvolvemento do convenio, de conformidade co que derive das addendas ao mesmo vixentes en cada momento.

OITAVA.- Financiamento

Sen prexuízo do que poida establecerse mediante as addendas previstas nas cláusulas anteriores, o presente con venio non comporta abrigas económicas para as partes asinantes.

NOVENA.- Inexistencia de relación laboral

O presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia ou a Amtega, a Unive rsidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo ou a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte De Portugal (GNP, AECT).

DÉCIMA.- Natureza e réxime xurídico

O presente Convenio ten n atureza administrativa e rexerase potas súas propias cláusulas e, supletoriamente, palas normas xerais do Dereito Admin istrativo que resulten aplicables.

O presente convenio é un dos previstos no artigo 47.2 a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e, por tanto, suxéitase ao nela disposto, e especificamente ao réxime xurídico de convenios, previsto no Capítulo VI do Título Preliminar da devandita lei.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e execución do presente Convenio e que non poidan resolverse no seo da súa Comisión de Seguimento som eteranse á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xu risdición contencioso-administrativa.

DÉCIMOPRIMEIRA .- Notificación electrónica

Tomando en consideración que todas as partes asinantes entran dentro dos suxeitos abrigados a relacionarse por medios electrónicos e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas, segundo establece o artigo 14.2 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común, as notificacións realizaranse por medios electrónicos.

No caso de que, a través de Addendas, adhíranse ao convenio persoas físicas, atenderase ao establecido pola mesma Lei.

DÉCIMOSEGUNDA.- Publicidade do convenio

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

Os asinantes deberán submin istrar toda a información necesaria para que a Amtega poida dar cumprimento ás abrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIM OTERCEIRA.- Propiedade i ntellectual

As publicacións ou resultados de iniciativas desenvolvidas de maneira con xunta deberán recoñecer e facer constar a participación e o recoñecemento dos participantes nas devanditas actividades.

Cada parte manterá a propiedade e todos os dereitos derivados sobre os elementos, ferramentas, proxectos e, en xeral, sobre calquera achega ás iniciativas que lle pertenza con anterioridade á execución das mesmas ou os desenvolva á marxe do acordo para a súa achega á mesma e non sexa directamente o resultado da colaboración.

En cantas actuacións de difusión pública se realicen en desenvolvemento das iniciativas conxuntas amparadas por este convenio deberán aparecer os signos de identidade e logos dos participantes empregando unicamente a versión que cada unha facilite sen que se poidan alterar cores, formas, símbolos ou gráficos.

No suposto de resultados susceptibles de protección por algún dos títulos que o Dereito recoñece, así como de explotación ou difusión dos devanditos resultados, as partes, nun prazo máximo de tres meses a partir da súa obtención, comprométese a subscribir un documento ao efecto no que se determinará a titularidade dos dereitos de propiedade e as condicións da súa explotación.

DÉCIMOCUARTA.- PROTECCION DE DATOS PERSOAIS

Os datos de carácter persoal obtidos polas partes na execución do presente convenio serán os estritamente necesarios para o cumprimento do mesmo e, única e exclusivamente, poderán ser aplicados ou utilizados para o cumprimento dos fins obxecto do mesmo, non podendo ser cedidos ou entregados a terceiros baixo título ningún, nin sequera a efectos de mera conservación.

As Partes obríganse ao cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía de Dereitos Dixitais, do Regulamento Europeo de Protección de Datos, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos. Para iso, as Partes subscribirán durante a vixencia do acordo cuantos documentos sexan necesarios e establecerán as medidas xurídicas, técnicas e organizativas para dar cumprimento á normativa de protección de datos de carácter persoal durante a execución do mesmo, e todo conforme ao expreso mandato contido no artigo 2.a do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, en relación co artigo 4.1 e 4.2 do Tratado da Unión Europea».

As Partes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización do Convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo .

En caso de darse tratamentos de datos persoais no contexto da execución de actividades no ámbito do presente convenio, as partes poderán ser responsables, corresponsables ou encargados do tratamento dos datos persoais, sendo a Comisión de Seguimento do Convenio quen determine dita responsabilidade ou corresponsabilidade ou a posible existencia de encargo do tratamento, atendendo ao tratamento de datos persoais particular que teña lugar en cada caso.

Unha vez cumprida a prestación acordada que motivou a entrega dos datos persoais, as

partes deberán destruír os datos tratados e os soportes ou documentos en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Salvo que por Lei dispoña o contrario, as partes consentirán cantas inspeccións consideren preciso efectuar, cada unha delas, nos ficheiros que conteñan os datos de carácter persoal entregados recíprocamente para a execución do Convenio.

Cada unha das partes será responsable de cantas sancións, multas ou reclamacións, por danos e prexuízos, se deriven do incumprimento do anteriormente exposto e resarcirá ás outras partes dos importes que, por tal motivo, tivesen que abonar indebidamente, incluídos gastos xurídicos, extraxudiciais e costas que a defensa da ditas partes prexudicadas ocasionase, sen prexuízo de que tal incumprimento sexa considerado causa de resolución do Convenio.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data arriba indicados.

Pola Vicepresidencia primeira e consellería de Economía, Industria e Innovación: D. Francisco Conde López

Pola Consellería de Facenda e Administración Pública:

D. Miguel Corgos López-Prado

Pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:

D. Román Rodríguez González

Pola Consellería de Sanidade:

D. Julio García Comesaña

Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia:

D^a. Mar Pereira Álvarez

Pola Universidade de Santiago de Compostela:

D. Antonio López Díaz

Pola Universidade da Coruña: D. Julio E. Abalde Alonso

Pola Universidade de Vigo:

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger

Pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal:

D. Nuno Augusto de Castro Azevedo Soares de Almeida

ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE DE PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA INTERESADA NA ADHESIÓN.

SOLICITUDE DE ADHESIÓN POR PARTE DE _____ AO CONVENIO DE

COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, AS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL (GNP, AECT) PARA A CONSTITUCIÓN DO NODO Galicia, COMO UNHA ESTRUCTURA DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES QUE PERMITAN O IMPULSO DAS TECNOLOXÍAS QUE HABILITAN A INTELIXENCIA ARTIFICIAL NA EURORREXIÓN GALICIA- NORTE DE PORTUGAL.

En _____, a _____ de _____ do _____.

O/a _____ (persoa xurídica), e no seu nome e representación D./D.^a. _____, na súa calidade de _____, segundo establécese en _____.

EXPÓN

PRIMEIRO.- Que a Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo, e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia- Norte de Portugal, subscribiron, con data __, un convenio para a constitución do nodo Galicia como unha estrutura de cooperación para o desenvolvemento de actividades que permitan o impulso das tecnoloxías que habilitan a intelixencia artificial na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal.

SEGUNDO.- Que na cláusula sétima do convenio apuntado establécese que durante a súa vixencia poderanse adherir ao mesmo aquelas entidades públicas ou privadas con relación ás que a Comisión de Seguimento considere conveniente para o bo desenvolvemento das actuacións que constitúen o seu obxecto.

TERCEIRO.- Que o _____, na súa sesión de data _____, acordou dar a súa conformidade á adhesión da entidade _____ ao convenio apuntado no expositivo primeiro.

CUARTO.- Que _____ manifesta o seu compromiso expreso co desenvolvemento da concienciación e capacitación da cidadanía, empresas e Administracións Públicas de Galicia en materia de tecnoloxías intelixentes, así como de colaboración conxunta cos restantes membros do nodo Galicia para o cumprimento dos obxectivos do convenio apuntado no expositivo primeiro.

QUINTO.- [OPCIONAL] Que, para a execución do obxectivo previsto no convenio, a entidade

_____ asumirá os seguintes compromisos:

SEXTO.- [OPCIONAL] Que a súa colaboración materializárase da seguinte forma:
[DESCRICIÓN DA COLABORACIÓN]

SÉTIMO.- [OPCIONAL] Que para o cumprimento dos compromisos e actuacións que se deriven do desenvolvemento do convenio, a entidade _____ manifesta o seu compromiso expreso a achegar os recursos que a continuación se describen

e/ou os recursos económicos destinados a financiaras nunha contía aproximada de _____

€, sen prexuízo de que a súa contía específica definase na addenda pala que se formalice a adhesión.

Na súa virtude, en uso das competencias que legalmente lle corresponden,

SOLICITA a adhesión de _____ ao convenio, subscrito o _____, entre a Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo, e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, para a constitución do nodo Galicia como unha estrutura de cooperación para o desenvolvemento de actividades que permitan o impulso das tecnoloxías que habilitan a intelixencia artificial na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal.

Fdo.: